

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS E A FUNDACIÓN JOSEP CARRERAS PARA A LOITA CONTRA A LEUCEMIA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde e a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos formalizaron coa Fundación Josep Carreras para a loita contra a leucemia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura e ata o 31.12.2020

Que o instrumento convencional ten por obxecto colaborar no desenvolvemento do Rexistro de Donantes de Medula Ósea (REDMO) na Comunidade Autónoma de Galicia e mellorar a atención sanitaria dos/as pacientes residentes na nosa comunidade que precisen transplante de proxenitores hematopoiéticos a través de diversas accións, como son a promoción da donación voluntaria, a utilización dos laboratorios de histocompatibilidade de centros pertencentes ao Servizo Galego de Saúde para a tipificación HLA aos/as candidatos/as a donante e o rexistro de datos persoais de donantes da comunidade autónoma e a súa tipificación HLA.

A tal fin, o Servizo Galego de Saúde comprométese a poñer en coñecemento da fundación os laboratorios onde se poderán realizar as análises así como os centros de referencia de información a donantes, a identificar e comunicar os centros autorizados a solicitar a busca de proxenitores hematopoiéticos e a recibir as solicitudes de busca de donantes e transmitir as á fundación a través da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos. Pola súa banda, a fundación encargárase de seguir realizando, a través do REDMO, a busca de donantes non emparentados e a xestionar a busca e coordinación da obtención de proxenitores hematopoiéticos compatibles para enfermos residentes na nosa comunidade autónoma.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución dos obxectivos referidos.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Servizo Galego de Saúde vén colaborando dende fai uns anos coa Fundación co obxectivo de garantir o desenvolvemento do REDMO na Comunidade Autónoma de Galicia, así como para mellorar a atención sanitaria dos pacientes residentes en nosa comunidade que precisen transplantes de proxenitores hematopoiéticos mediante o fomento da doazón voluntaria e utilización dos laboratorios de histocompatibilidade para a realización de tipificación HLA aos candidatos a doante, que na actualidade a

responsabilidade recae na Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, como centro de referencia de este tipaxe.

Ademais, a axencia, creada polo Decreto 142/2015, de 17 de setembro, é a encargada de manter o rexistro de transplante de proxenitores hematopoiéticos, así como de informar e promover a doazón voluntaria de proxenitores hematopoiéticos (células madre).

Por outro lado, o tempo transcorrido, a consolidación do transplante como opción terapéutica plenamente establecida e a inclusión de doazóns procedentes da sangue periférica e de cordón umbilical, fan conveniente establecer unha relación estable e fluída co REDMO.

Ante isto, ambas partes desexan formalizar mediante o presente convenio os obxectivos, actividades e medios para o desenvolvemento das funcións encomendadas a cada unha delas, en orden a una mellor atención dos pacientes da Comunidade Autónoma de Galicia necesitados dun Transplante de Proxenitores Hematopoiéticos (TPH) procedente de doante non emparentado.

As razóns de interese público que constitúen o obxecto do convenio, así como os intereses converxentes das partes asinantes (en tanto que as accións previstas constitúen unha vía para a consecución dos fins que teñen atribuídos), exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

O Xerente do Servizo Galego de Saúde

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo.

